



GRUPO MUNICIPAL DE TEO

PREGUNTAS SOBRE A CANALIZACIÓN DA REDE DO CABLE DA EMPRESA "R" NA URBANIZACIÓN DOS TILOS

Nos últimos días a empresa "R" está procedendo, por fin, á canalización do cable da rede de fibra óptica na zona dos Tilos que dá servizo aos edificios. Este servizo demandado dende hai tempo polos veciños da zona vai supoñer, sen dúbida, un avance na extensión das novas tecnoloxías e a diversificación e unha mellor recepción dos sinais de TV.

Con todo, e do mesmo xeito que pasara coa rede do gas, a zona de vivendas unifamiliares da urbanización semella que vai quedar tamén fóra deste servizo. Esta situación suporía unha grave discriminación cara unha parte da urbanización e racharía a homoxeneidade da urbanización que é unha das súas características diferenciais.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG solicita a seguinte información:

1. ¿Ten coñecemento o Concello de que a empresa "R" está a proceder a canalización do cable de fibra óptica? ¿Sabe se o servizo se vai extender neste momento ao conxunto de toda a urbanización, incluídas as vivendas unifamiliares?
2. Se a empresa só vai dar servizo á zona de edificios ¿Realizou o Concello algunha xestión de cara a conseguir que a empresa preste o servizo a toda a urbanización? ¿Que argumentos utilizou nesta negociación?
3. ¿Existe algún compromiso formal da empresa de prazos de posta en marcha do servizo ao conxunto ou a parte da urbanización? (lembremos que as canalizacións foron realizadas en setembro do ano 2000?)

En Teo, a 10 de maio de 2005

Asdo.: Rafael Sisto Edreira
Concelleiro

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO